

1.- PANORAMA XERAL

... A ÁREA FUNCIONAL DA MARIÑA LUCENSE, formada polas comarcas da Mariña Central, a Mariña Occidental e a Mariña Oriental (a súa situación pode consultarse no **mapa 1.1.**), é unha das doce rexións funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas segundo a estrutura establecida no “Plan comarcal de Galicia” deseñado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia. Este plan concíbese como un instrumento de coordinación das directrices e normas básicas económicas e sociais para conseguir un desenvolvemento territorial homoxéneo e equilibrado de Galicia.

Xeograficamente, a área da Mariña lucense limita ó norte co mar Cantábrico, ó sur coas comarcas de Terra Chá, Meira e A Fonsagrada (provincia de Lugo), ó oeste coas comarcas de Ortelal e O Eume

(área funcional de Ferrol) e ó leste co Principado de Asturias.


Esta área está composta por 15 concellos, polo que a área da Mariña lucense acolle o 22,4% do total de concellos da provincia de Lugo e o 4,8% do total de concellos galegos (**cadro 1.1.**).

A área da Mariña lucense ten unha extensión de 1.395 km², o que supón o 13,9% da extensión total da provincia de Lugo. Asemade, tendo en conta que a extensión da Comunidade Autónoma de Galicia é de 29.660 km², a área da Mariña lucense supón o 4,7% do total territorial galego.

A comarca da Mariña Central, con 501,3 km² é a máis extensa da área analizada, seguida da comarca da Mariña Occidental, con 493,8 km², e da comarca da Mariña Oriental con 399,8 km².

M.1.1.

Situación da área funcional da Mariña lucense, formada polas comarcas da Mariña Occidental, a Mariña Central e a Mariña Oriental



1.1.

Territorio e poboación nas Áreas Funcionais galegas

	Superficie (km ²)	Poboación a 1/1/03	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares (1)
Provincia de A Coruña	7.943	1.120.814	141,1	94	10.292
Ferrol	1.556	209.016	134,4	20	2.599
A Coruña	2.597	526.436	202,7	35	3.403
Santiago	3.790	385.362	101,7	39	4.290
Provincia de Lugo	10.026	360.512	36,0	67	9.741
Mariña	1.395	75.221	53,9	15	1.739
Monforte	1.981	58.981	29,8	12	1.906
Lugo	6.650	226.310	34,0	40	6.096
Provincia de Ourense	7.274	342.213	47,0	92	3.675
Ourense	4.119	270.589	65,7	67	3.101
Verín	1.754	36.749	21,0	12	263
O Barco	1.401	34.875	24,9	13	311
Provincia de Pontevedra	4.417	927.555	210,0	62	6.239
Vigo	1.605	513.396	319,8	25	2.522
Pontevedra	1.316	338.419	257,1	28	2.039
Lalín	1.496	75.740	50,6	9	1.678
Galicia	29.660	2.751.094	92,8	315	29.947
Galicia occidental-costa	9.979	1.919.458	192,3	138	13.664
Galicia interior	19.681	831.636	42,3	177	16.283

(1) ano 1996

Fonte: La Caixa, Anuario económico ; IGE, Renovación do Padrón a 1/01/03; Xunta, Mapa comarcal de Galicia

1.2.

Territorio e poboación área funcional da Mariña lucense: distribución segundo comarcas

	Superficie (km ²)	Poboación 1/01/2003	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Área da Mariña Lucense	1.394,9	75.221	53,9	15	1.739
A Mariña Central	501,3	30.286	60,4	6	588
A Mariña Occidental	493,8	27.648	56,0	5	735
A Mariña Oriental	399,8	17.287	43,2	4	416
Provincia Lugo	9.856	360.512	36,6	67	9.741
Galicia	29.560	2.751.094	93,1	315	29.947

Fonte: IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2003, Xunta, Mapa comarcal de Galicia e INE

En termos poboacionais, e segundo os datos reflectidos polo Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2003, a área da Mariña lucense é a cuarta menos poboada das doce áreas funcionais galegas, con 75.221 habitantes, o que supón o 20,9% da poboación total residente na provincia de Lugo e o 2,7% do conxunto da poboación galega (**cadro 1.2.**).

Dentro da área obxecto de estudo, a comarca máis densamente poboada é a da Mariña Central, cunha densidade de poboación de 60,4 habitantes por km², seguida da comarca da Mariña Occidental,

con 56 habitantes/km², e da Mariña Oriental, con 43,2 habitantes/km². Para o conxunto da área da Mariña lucense, a densidade de poboación sitúase en 53,9 hab/km², por encima da densidade media da provincia de Lugo, que é de 36,6 habitantes por km², e por debaixo da densidade media galega, que é de 93,1 hab/km².

En termos de densidade de poboación, a área da Mariña lucense é a sexta máis densamente poboada das 12 existentes en Galicia, cunha densidade de 53,9 habitantes por km², por encima da densi-

1.3.

Territorio e poboación na área funcional da Mariña Lucense: distribución segundo comarcas e concellos

	Superficie (km ²)	Poboación 2003	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Comarca da Mariña Central	501,3	30.286	60,4	6	588
Alfoz	77,5	2.348	30,3		153
Burela	7,9	8.380	1.060,8		1
Foz	100,3	9.591	95,6		60
Lourenzá	62,6	2.730	43,6		89
Mondoñedo	142,6	4.909	34,4		103
Valadouro	110,4	2.328	21,1		182
Comarca da Mariña Occidental	493,8	27.648	56,0	5	735
Cervo	77,7	5.060	65,1		65
Ouro	142,1	1.407	9,9		229
O Vicedo	75,7	2.228	29,4		117
Viveiro	109,3	15.379	140,7		244
Xove	89,0	3.574	40,2		80
Comarca da Mariña Oriental	399,8	17.287	43,2	4	416
Barreiros	72,4	3.323	45,9		92
A Pontenova	135,8	3.199	23,6		67
Ribadeo	108,9	9.186	84,4		135
Trabada	82,7	1.579	19,1		122
Área da Mariña Lucense	1.395	75.221	53,9	15	1.739
Provincia Lugo	10.026	260.512	26,0	67	9.741
Galicia	29.660	2.751.094	92,8	315	29.947

Fonte: IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2003, Xunta, Mapa comarcal de Galicia e INE

dade de poboación da provincia de Lugo (36,6 habitantes por km²), por riba da densidade media da Galicia interior (42,3 habitantes por km²) e por debaixo da densidade media galega, que se sitúa no ano 2003 en 93,1 habitantes por km².

En canto ás entidades singulares de poboación, das 9.741 que hai na provincia de Lugo, 1.739 están situadas nos concellos da área funcional da Mariña lucense, o que supón o 17,8% do total provincial. A porcentaxe de entidades singulares do conxunto da área analizada (1.739) sobre o total das 29.947 existentes en Galicia é do 5,8%. Na súa división no interior da área, a comarca da Mariña Occidental, con 735, é a que ten un maior número de entidades singulares de poboación, fronte ás 588 da Mariña Central e as 416 da Mariña Oriental (**cadro 1.3.**).

A área funcional da Mariña lucense configúrase en torno a varios centros de

atracción. Neste senso, cada unha das tres comarcas que compoñen a área funcional analizada ten un centro principal de relacións funcionais intermunicipais diferenciado. Tendo en conta as relacións funcionais intermunicipais principais, a comarca da Mariña Central ten ós concellos de Foz, Mondoñedo e Burela como núcleos principais de atracción funcional. Na comarca da Mariña Occidental o núcleo de atracción principal é o concello de Viveiro, e finalmente, na comarca da Mariña Oriental o núcleo de atracción principal é o concello de Ribadeo.

As principais estradas da área da Mariña lucense son as estradas nacionais N-642, que comunica a costa norte da área funcional co Principado de Asturias; a N-634, que comunica o interior da área funcional co Principado de Asturias por Ribadeo; e a N-640, que comunica a capital lucense con Asturias percorrendo o leste da área funcional.

En canto á rede ferroviaria, a única liña ferroviaria que existe na área funcional da Mariña lucense é a liña FEVE que une Ferrol con Oviedo, recorrendo a costa norte da área funcional analizada pasando polos concellos de O Vicedo, Viveiro, Xove, Burela e Ribadeo.

Realidade socioeconómica

Unha primeira aproximación á realidade socioeconómica da área analizada da Mariña lucense pode ser realizada a partir da información proporcionada polo *Anuario Económico de España 2004* de La Caixa. Os datos aquí recollidos poden ser divididos en dous tipos: primeiro, unha serie de indicadores económicos (**cadros 1.4. e 1.5.**) que tentan recoller diversos aspectos no eido industrial, comercial, turístico e fiscal; posteriormente, datos (**cadros 1.6. e 1.7.**) referidos a diferentes variables con incidencia na actividade económica, como o número de teléfonos, vehículos de motor, oficinas bancarias e maila relación dos diferentes tipos de actividades económicas.

Como complemento ó primeiro tipo de datos faise referencia a unha estimación da renda familiar dispoñible por habitante denominada “nivel económico”. Sen embargo a análise deste índice non pode ser feita a nivel comarcal posto que, pola súa confección, non é posible a agregación e só resulta factible un estudio dos concellos en relación coas súas correspondentes comarcas e que é recollido no **gráfico 1.1.** No **gráfico 1.2.** agrúpanse os concellos en función da porcentaxe de variación da súa renda dispoñible no período 1997-2002.

Tamén resulta de interese a análise da información a nivel municipal sobre o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas que facilita a Axencia Estatal da Administración Tributaria (**cadro 1.8.**). Concretamente recóllense as seguintes variables: a porcentaxe de número de declarantes por tramos de base imponible, o rendemento medio declarado e a porcentaxe de rendementos declarados segundo a súa actividade.

Antes do inicio da análise destes indicadores e variables, cómpre destaca-lo feito de que este estudio é realizado polo Servicio de Estudios de La Caixa só para municipios con máis de 1.000 habitantes. Para o conxunto de España estímase que isto supón un 4% de erro. No caso da área da Mariña lucense, as fallas de información non afectan a ningún dos 15 concellos que compoñen a área funcional.

O primeiro dos indicadores recollidos nos **cadros 1.4. e 1.5.** é a “cota de mercado”, un índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa dos concellos mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. A área funcional da Mariña lucense é a quinta área funcional, das doce nas que se divide Galicia, cunha menor cota de mercado no ano 2003 (182), un 6,2% inferior á cota de mercado da área funcional no ano 1998 (194).

A comarca que acada un maior valor neste indicador dentro da área da Mariña lucense, cun nivel de 75, é a Mariña Central, seguida da comarca da Mariña Occi-

1.4.

Principais indicadores económicos das Áreas Funcionais galegas 2002

	Cota de Mercado 2003	Cota de Mercado 1998	Índice Industrial	Índice comercial	Índice comercial polo miúdo	Índice comercial por punto	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica 2002	Índice actividade económica 1997
Provincia de A Coruña										
Ferrol	2.486	2.597	2.506	2.577	2.531	2.604	2.889	1.409	2.380	2.396
A Coruña	448	484	550	370	354	376	511	125	395	388
Santiago	1.175	1.219	1.311	1.372	1.479	1.314	1.511	646	1.307	1.373
	863	894	645	835	688	914	867	638	678	635
Provincia de Lugo										
Mariña	841	901	978	779	846	736	807	275	715	761
Monforte	182	194	398	142	153	138	155	72	186	205
Lugo	137	154	169	101	103	98	116	32	106	121
	522	553	411	536	590	500	536	171	423	435
Provincia de Ourense										
Ourense	816	866	859	678	682	667	799	234	675	737
Verín	651	687	576	564	567	556	667	191	527	575
O Barco	84	92	58	53	46	56	67	19	46	50
	81	87	225	61	69	55	65	24	102	112
Provincia de Pontevedra										
Vigo	2.067	2.135	1.783	2.048	2.226	1.942	2.035	1.066	1.771	1.852
Pontevedra	1.137	1.170	1.139	1.303	1.509	1.182	1.178	483	1.113	1.105
Lalín	761	785	490	624	604	638	710	531	540	637
	169	180	154	121	113	122	147	52	118	110
Galicia										
Galicia occidental-costa	6.210	6.499	6.126	6.082	6.285	5.949	6.530	2.984	5.541	5.746
Galicia interior	4.294	4.464	4.303	4.471	4.619	4.389	4.696	2.448	4.054	4.179
	1.916	2.035	1.823	1.611	1.666	1.560	1.834	536	1.487	1.567

Fonte: La Caixa, Anuario económico

1.5.

Principais indicadores económicos 2002 da Mariña Lucense: distribución segundo comarcas e concellos

	Cota de Mercado	Índice industrial	Índice comercial	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica	Nivel económico
Comarca da Mariña Central	75	53	58	56	21	47	
Alfoz	5	5	4	1	1	3	3
Burela	21	9	23	19	6	15	4
Foz	23	9	14	22	9	12	4
Lourenzá	8	8	7	4	1	5	4
Mondoñedo	12	11	7	7	3	7	3
Valadouro	6	11	3	3	1	5	4
Comarca da Mariña Occidental	64	282	47	62	24	113	
Cervo	12	23	5	8	3	10	4
Ouro	3	3	2	1	-	2	3
O Vicedo	5	7	3	3	-	4	3
Viveiro	37	16	34	46	20	24	4
Xove	7	233	3	4	1	73	3
Comarca da Mariña Oriental	43	63	37	37	27	26	
Barreiros	8	3	5	5	6	4	4
A Pontenova	8	48	8	5	1	5	4
Ribadeo	24	11	21	26	20	16	4
Trabada	3	1	3	1	-	1	3
Total área Mariña Lucense	182	398	142	155	72	186	
Galicia	6.210	6.126	6.082	6.530	2.984	5.541	

Fonte: La Caixa, Anuario económico

dental, cun nivel de 64, e da comarca da Mariña Oriental, cun nivel de 43. En conxunto, a área da Mariña lucense, tal como se sinalou anteriormente, cunha cota de mercado de 182, dispón do 2,9% da cota de mercado do total de Galicia e do 9,5% da cota de mercado total da Galicia interior.

O segundo indicador é o “índice industrial”, un índice comparativo da importancia da industria baseado na recadación do imposto sobre actividades económicas (IAE). De xeito semellante ó anterior, este indicador recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) da industria sobre o total nacional. Comparando o índice industrial das diferentes áreas funcionais de Galicia, observamos como a área funcional da Mariña lucense sitúase no oitavo lugar en importancia do mesmo, cun valor de 398.

Dentro da área obxecto de estudio, os datos deste índice reflicten que a comarca da Mariña Central concentra a meirande

parte da actividade industrial, cun valor de 282, seguida a moita distancia polas comarcas da Mariña Oriental e Central, con valores de 63 e 53, respectivamente. A nivel municipal cómpre salienta-la importancia do concello de Xove, que acada un índice industrial de 233, o que supón o 82,6% do índice total da comarca da Mariña Occidental

O “índice comercial” configúrase como un indicador comparativo da importancia do comercio en función do IAE das actividades de comercio por xunto e polo miúdo e recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) con respecto ó conxunto do Estado. No que respecta a este índice a área da Mariña lucense sitúase no oitavo lugar en comparación coas restantes áreas funcionais de Galicia.

As actividades comerciais na área da Mariña lucense acadan un índice de 58 na comarca da Mariña Central, de 47 na Mariña Occidental e de 37 na Mariña Oriental.

O cuarto dos índices analizado céntrase no eido do turismo. Trátase dun indicador comparativo da importancia turística que expresa a participación en tanto por 100.000. Este “índice turístico” tamén parte do IAE distinguindo segundo a categoría dos establecementos, o número de habitacións e maila súa ocupación anual. A área funcional da Mariña lucense é a oitava en importancia no total de áreas funcionais de Galicia.

A comarca da Mariña Oriental concentra a maior importancia no seo da área analizada, cun índice de 27, sendo a segunda comarca en importancia no que respecta a este índice a da Mariña Occidental, cun valor de 24, e, finalmente, a comarca coa menor participación a nivel turístico no conxunto das tres comarcas da área obxecto de estudo neste informe é a comarca da Mariña Central, cun índice de 21.

O “índice de actividade económica” xorde como un indicador comparativo da actividade económica municipal. Parte tamén da información do IAE e expresa a participación da actividade económica (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. Este índice está relacionado coa “cota de mercado”, é dicir, xeralmente obsérvase unha correlación entre a capacidade de compra e o Imposto sobre Actividades Económicas, aínda que as veces se dan algunhas diferencias. En orde de importancia, en relación á actividade económica dentro da área da Mariña lucense, o primeiro lugar corresponde á comarca da Mariña Occidental, cun valor de 113, seguida das comarcas da Mariña Central e Oriental, con valores de 47 e 26, respecti-

vamente. Así mesmo o conxunto da área analizada, cun índice de actividade económica de 186, instálase no oitavo lugar en importancia do valor do citado índice dentro do conxunto das áreas funcionais de Galicia.

Na comparación destes índices de importancia relativa da área da Mariña lucense con respecto ó total da provincia de Lugo, salienta que a área acada a súa porcentaxe máis alta no índice industrial, cun valor do 40,7%, mentres que a menor porcentaxe corresponde ó índice comercial, onde a área da Mariña lucense significa un 18,2% do total da provincia.

Polo que se refire á relación entre o conxunto da área da Mariña lucense e o total galego, a cifra máis importante corresponde ó índice industrial, cun valor do 6,5%, mentres no extremo contrario está o índice comercial, cun valor do 2,3%. Restringindo a relación á comparación entre o conxunto da área da Mariña lucense e o total da Galicia interior, o valor máis importante está no índice industrial, cunha porcentaxe do 21,8%, fronte ó índice comercial, cun valor do 8,8%.

Para completa-la análise xeral da situación da área estudiada, os **cadros 1.6.** e **1.7.** recollen outra serie de variables ben diferentes. Aquí non se trata de índices ou indicadores (expresados a modo de porcentaxe) senón que son magnitudes concretas que se refiren a variables como número de teléfonos, oficinas bancarias, actividades industriais, actividades comerciais por xunto e polo miúdo e actividades de restauración e bares. Cada unha delas recolle diversos aspectos do contexto eco-

1.6.

Principais variables con incidencia na actividade económica nas Áreas Funcionais galegas (1)

	Telefonos	Vehiculos de motor	Oficinas bancarias	Número de empresas	Actividades industriais	Actividades comerciais por xunto	Actividades comerciais polo mudo	Actividades de restauración e bares
					(número)	(número)	(en m ²)	
Provincia de A Coruña	405.167	576.128	890	70.814	17.823	4.549	2.277.641	10.434
Ferrol	76.147	107.387	139	10.548	2.515	649	401.337	1.851
A Coruña	194.728	273.505	438	37.660	9.198	2.538	1.119.720	4.911
Santiago	134.292	195.226	313	22.606	6.110	1.362	756.584	3.672
Provincia de Lugo	134.782	202.957	340	22.086	6.340	1.609	876.220	3.415
Mariña	29.277	41.015	80	4.486	1.436	311	181.719	803
Monforte	22.306	32.677	56	3.292	1.142	219	114.606	520
Lugo	83.199	129.265	204	14.308	3.762	1.079	579.895	2.092
Provincia de Ourense	130.801	211.993	375	21.260	6.705	1.265	672.021	2.992
Ourense	106.029	174.516	295	17.245	5.274	1.027	546.560	2.358
Verín	12.471	18.847	40	1.868	572	105	67.852	329
O Barco	12.301	18.630	40	2.147	859	133	57.609	305
Provincia de Pontevedra	323.107	537.391	719	56.754	14.638	4.306	1.800.301	7.192
Vigo	186.391	304.088	391	31.927	7.438	2.822	986.963	3.745
Pontevedra	112.974	190.648	270	20.364	5.626	1.248	665.885	2.826
Lalin	23.742	42.645	58	4.463	1.574	236	147.453	621
Galicia	993.857	1.528.469	2.324	170.914	45.506	11.729	5.626.183	24.033
Galicia occidental-costa	695.377	1.047.569	1.548	121.071	30.043	8.571	3.914.729	16.707
Galicia interior	298.480	480.900	776	49.843	15.463	3.158	1.711.454	7.326

(1) a 1 de xaneiro de 2002

Fonte: La Caixa, Anuario económico; INE, DIRCE

1.7.

Principais variables con incidencia na actividade económica da Mariña Lucense 2002: distribución segundo comarcas e concellos

	Teléfonos	Vehículos de motor	Oficinas bancarias	Actividades industriais	Actividades comerciais maioristas	Actividades comerciais minoristas (número)	Actividades comerciais minoristas (m ²)	Actividades de restauración e bares
Comarca da Mariña Central								
Alfoz	11.771	16.021	35	624	135	916	83.277	293
Burela	765	1.458	1	53	12	36	2.619	8
Foz	3.443	3.401	10	136	63	351	29.199	97
Lourenzá	3.747	5.533	7	195	22	272	23.728	107
Mondoñedo	1.052	1.728	6	91	18	84	15.927	22
Valadouro	1.894	2.589	6	101	14	114	7.560	39
	870	1.312	5	48	6	59	4.244	20
Comarca da Mariña Occidental								
Carvo	10.420	14.981	25	404	92	659	57.607	294
Ourense	1.779	3.625	5	61	10	85	10.007	49
O Vicedo	472	720	1	15	8	9	478	7
Viveiro	779	1.103	1	27	5	35	2.053	19
Xove	6.330	7.529	16	250	63	476	41.617	189
	1.060	2.004	2	51	6	54	3.452	30
Comarca da Mariña Oriental								
Barreiros	7.086	10.013	20	408	84	482	47.639	216
A Pontenova	1.352	2.134	3	86	11	72	11.473	32
Ribadeo	1.210	2.078	3	82	22	83	6.044	26
Trabada	4.000	4.812	13	218	36	309	29.334	150
	524	989	1	22	15	18	788	8
Total área Mariña lucense	29.277	41.015	80	1.436	311	2.057	188.523	803
Galicia	993.857	1.528.469	2.324	45.506	11.729	58.707	5.626.183	24.033
Galicia occidental-costa	695.377	1.047.569	1.548	30.043	8.571	41.412	3.914.729	16.707
Galicia interior	298.480	480.900	776	15.463	3.158	17.295	1.711.454	7.326

Fonte: La Caixa, Anuario económico

nómico da área analizada e proporciona unha idea cualitativa das distintas comarcas.

Así, por exemplo, o número de teléfonos reflicte o grao de desenvolvemento económico: a área da Mariña lucense, con 29.277 teléfonos, é a oitava área funcional en número de teléfonos no total de áreas funcionais galegas. Dentro da mesma, a comarca da Mariña Central, con 11.771 aparellos, atópase á cabeza, seguida polas comarcas da Mariña Occidental e Oriental, con 10.420 e 7.086 teléfonos, respectivamente.

Os vehículos de motor (automóviles, camións e furgonetas e outros) tamén se concentran maioritariamente na comarca da Mariña Central, co 39,1% dos vehículos totais da área da Mariña lucense. As comarcas da Mariña Occidental e Oriental acollen 14.981 e 10.013 vehículos, respectivamente. A área da Mariña lucense dispón do 20,2% dos vehículos de motor da provincia de Lugo, do 2,6% do total de Galicia e do 8,5% do total de vehículos de motor computados na Galicia interior.

A análise das actividades segundo se trate de actividades industriais, comerciais por xunto e comerciais polo miúdo amosa, en termos xerais, unha concentración na comarca da Mariña Central.

Polo que se refire ás comarcas con un menor número de actividades nos distintos eidos, a comarca da Mariña Oriental, a excepción das actividades industriais, é a que conta, en termos absolutos e relativos, con menos unidades en todas as actividades estudadas: comerciantes


por xunto, comerciantes polo miúdo e de restauración e bares.

Para estas actividades a relación da área con respecto ó total de Galicia sitúase en tódolos casos nunha banda entre o 3,5% e o 3,1%. As maiores porcentaxes acádanse nas actividades comerciais polo miúdo e as menores, nas actividades comerciais por xunto. Con respecto á relación entre o total da área da Mariña lucense e o total da Galicia interior, tódolos niveis están entre o 11,9% das actividades comerciais polo miúdo e o 9% do número de empresas.

Outro indicador interesante, malia que pola súa confección non é factible o estudio a nivel comarcal, é o denominado “nivel económico”, recollido no antedito **cadro 1.5**. O *Anuario Económico de España 2004*, elaborado polo servizo de estudos de “La Caixa”, considera a nivel municipal a existencia de 10 niveis económicos en función da renda familiar dispoñible por habitante e ano, definida como a suma dos ingresos efectivamente percibidos polas economías domésticas, calculados como o total de ingresos procedentes das rendas de capital, prestacións sociais e transferencias menos os impostos pagados polas familias e as cotas pagadas á Seguridade Social.


O **gráfico 1.1**. amosa a distribución de concellos en cada comarca segundo o seu nivel económico. Tendo isto en conta, na área da Mariña lucense, o máximo nivel económico alcanzado é o 4 (de 8.225 a 8.800 euros/ano), onde se integran nove concellos –Burela, Foz, Lourenzá, Valadouro, Cervo, Viveiro, Barrei-

G.1.1.



(1) Os niveis calcúlanse segundo a renda familiar dispoñible por habitante e ano
 Fonte: La Caixa , Anuario económico

G.1.2.



Fonte: La Caixa , Anuario económico

ros, A Pontenova e Ribadeo—. No nivel 3 (de 7.300 a 8.225 euros/ano) inclúense os seis concellos restantes.

No que respecta á evolución da renda familiar dispoñible, no **gráfico 1.2.** móstranse os concellos de cada comarca en función da porcentaxe de variación da súa renda dispoñible no período 1997-2002. Neste senso, obsérvase que, no conxunto

da área analizada, catro concellos están situados no nivel 3 –Burela, Cervo, Lourenzá e Ribadeo—, o que significa unha porcentaxe de variación de renda dispoñible entre o 19 e o 23%. Os once concellos restantes sitúase no nivel 2 segundo a clasificación feita polo anuario económico de La Caixa 2004, o que implica unha variación da renda dispoñible nestes concellos entre o 14 e o 19%, no período analizado.

1.8.

Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas 1998: distribución segundo comarcas e concellos

	Nº de declarantes por tramos de Base Imponible (en millóns de pts.)				Rendemento medio declarado (en pts.)	Rendementos declarados, segundo a súa actividade			
	De 0,0 a 0,5					Traballo	Empresarial	Profesional	Outros
	De 0,5 a 1,5	De 1,5 a 3,0	Máis de 3,0	(%)					
Comarca da Mariña Central									
Alfoz	12,61	57,63	23,15	6,61	1.368.970	77,61	14,62	0,47	7,30
Burela	7,16	36,38	35,43	21,03	2.099.568	83,64	9,27	2,42	4,67
Foz	8,07	45,35	30,66	15,92	1.838.112	82,88	11,28	2,33	3,51
Lourenzá	10,36	57,05	25,31	7,28	1.425.465	66,92	21,72	2,06	9,30
Mondrêdo	10,82	57,51	23,09	8,58	1.476.097	73,88	16,54	3,28	6,30
Valadouro	10,70	57,54	24,27	7,49	1.423.645	76,31	15,48	1,90	6,31
Comarca da Mariña Occidental									
Cervo	6,42	37,00	32,43	24,15	2.099.580	91,05	6,42	0,41	2,12
Ouro	15,14	65,37	14,45	5,04	1.170.621	77,72	12,54	1,61	8,13
O Vicedo	12,01	54,20	27,68	6,11	1.413.603	76,63	16,67	1,06	5,64
Viveiro	6,60	44,06	31,30	18,04	1.934.154	82,24	10,21	2,61	4,94
Xove	7,10	42,35	29,15	21,40	1.868.254	86,55	8,91	0,77	3,77
Comarca da Mariña Oriental									
Barreiros	10,80	53,87	24,89	10,44	1.554.339	66,33	25,57	1,28	6,82
A Pontenova	11,21	57,06	23,20	8,53	1.426.157	71,22	19,22	1,77	7,79
Ribadeo	7,64	46,88	30,19	15,29	1.827.402	75,03	16,71	2,87	5,39
Trabada	13,56	56,42	22,34	7,68	1.423.826	62,84	30,95	0,09	6,12

Fonte: IGE

A información sobre os rendementos e número de declarantes nos municipios da área da Mariña lucense aparece recollida no **cadro 1.8.**, que amosa as porcentaxes de declarantes por tramos de base imponible, o rendimento medio declarado e a porcentaxe de rendementos declarados, segundo a súa actividade.

Tendo en conta catro tramos de base imponible –de 0 a 0,5 millóns de pesetas o primeiro, de 0,5 a 1,5 millóns de pesetas o segundo, de 1,5 a 3 millóns o terceiro e de máis de 3 millóns o cuarto tramo–, no citado cadro pódese observar como é o municipio de Cervo o que ten unha maior porcentaxe de declarantes no cuarto tramo, co 24,15% dos declarantes totais do concello, seguido do municipio de Xove, co 21,4%, e Burela, co 21,03% dos declarantes totais do concello no cuarto tramo de base imponible.

Pola porcentaxe de declarantes no terceiro tramo de base imponible destaca o concello de Burela, na comarca da Mariña Central, co 35,43% dos declarantes totais do concello. No segundo tramo de base imponible salienta o concello de Oourol, na comarca da Mariña Occidental, co 65,37% dos declarantes totais, e, finalmente, no primeiro tramo de base imponible o concello da área da Mariña lucense que ten unha maior porcentaxe de declarantes é o de Oourol, co 15,14% dos declarantes totais.

Dun xeito xeral, o tramo de base imponible onde os concellos teñen unha maior porcentaxe de declarantes é no segundo tramo.

No que respecta ó rendimento medio declarado, destacan os concellos de Cervo, Burela e Viveiro, con rendementos medios que oscilan entre os 12.618 euros de Burela ou Cervo e os 11.624 euros do concello de Viveiro. No extremo contrario sitúase o concello de Oourol, na comarca da Mariña Occidental, cun rendimento medio declarado de 7.035 euros.

Na análise da distribución porcentual dos rendementos declarados segundo a actividade, en tódolos concellos da área analizada as maiores porcentaxes correspóndense cos rendementos do traballo, con valores que van dende o 91,05% do concello de Cervo ata o 62,84% do concello de Trabada.

No que respecta á porcentaxe de rendementos empresariais, salienta o concello de Trabada, na comarca da Mariña Oriental, co 30,95% dos rendementos declarados nese concello, e por último, no que respecta ós rendementos profesionais destaca o concello de Mondoñedo, co 3,28% dos rendementos declarados totais no concello. ■